



Nova Prestación (2019) Nacemento e coidado de menor Adaptación de Xornada e Lactación



* desde 1-4-19 substitúe á antiga Maternidade + Paternidade

	Nacemento		Adopción, garda ou acollemento
	Nai biolóxica	Outro Proxenitor/a	Ambos os proxenitores/as
Duración total:	16 semanas (ampliáveis*)	8 semanas (ampliáveis*) (+ 4 que lle pode ceder a nai biolóxica)	24 setmanas (ampliáveis*)
Parte obrigatoria:	6 semanas Ininterrompidas, que deberán gozarse a xornada completa inmediatamente despois do parto	2 semanas Ininterrompidas a xornada completa, inmediatas posteriores ao parto	Cada proxenitor/a disporá de 6 semanas Ininterrompidas e a xornada completa inmediatamente despois da resolución xudicial ou decisión administrativa
Parte voluntaria:	10 semanas que poderán gozar a xornada completa ou parcial, de maneira continuada ao período obrigatorio ou de maneira interrompida. Nese caso debe ser en períodos semanais (acumulados ou independentes) dende a finalización das 6 semanas obrigatorias ata que o fillo/a cumpra 12 meses de idade	6 semanas continuadas ou ininterrompidas en períodos semanais, en réxime de xornada completa ou parcial, ata os 12 meses da criatura.	12 semanas a distribuír entre ambos os proxenitores/ as cun máximo de 10 semanas para un deles/ as, a gozar de forma ininterrompida dentro dos 12 meses seguintes á resolución xudicial ou decisión administrativa.
	Poderá ceder ao outro proxenitor/a un período de ata 4 semanas do seu período de suspensión de goce non obrigatorio, que poderán ser tamén a xornada completa ou parcial, de maneira continuada ou interrompida, e por períodos semanais que deberá comunicar á súa empresa cunha antelación mínima de 15 días.	Estas prestacións (Nacemento (outro proxenitor/a) e Adopción, garda ou acollemento) están suxeitas a un período transitorio, de modo que anualmente verá incrementada a súa duración ata que, a partir do 1 de xaneiro de 2021, ambos os proxenitores/as alcancen unha duración total de 16 semanas (ampliáveis*)	

(*) Supostos de Ampliación da Duración:

- Ampliación en 1 semana para cada proxenitor/a, por cada fillo/a, a partir do segundo/a, en caso de nacemento, adopción ou acollemento múltiples.
- Ampliación en 1 semana para cada proxenitor/a en caso de discapacidade do fillo/a (33% ou superior)
- Ampliación ata un máximo de 13 semanas, por parto prematuro e hospitalización (por período superior a 7 días) a continuación do parto.

Nos Casos de Acumulación, Xornada Parcial:

- O goce de cada período semanal ou acumulación de períodos, o interesado/a comunicaraos á empresa con antelación mínima de 15 días.
- O goce a xornada parcial dos períodos, requirirá acordo entre a empresa e a persoa traballadora.

Casos de Inicio Anticipado da prestación:

- No caso de nai biolóxica, pode anticipar ata 4 semanas antes da data previsible do parto.
- En caso de adopción internacional, o permiso pode anticiparse ata 4 semanas antes da resolución xudicial ou decisión administrativa.

LACTACIÓN

1 hora de ausencia ao traballo que se poderá dividir en dúas fraccións (en parto múltiple amplíase unha hora por cada criatura).
Alternativamente poderase substituír por un permiso de 15 días naturais a continuación do permiso de maternidade, por criatura.



Duración:

Ata que a criatura faga 9 meses se ambos os proxenitores gózan de forma asimétrica, con distinta duración e/ou réxime.
Ata que a criatura cumpra 12 meses se os dous proxenitores/ as o gózan coa mesma duración e en réxime de redución de xornada, con redución salarial dos 9 a 12 meses, compensando economicamente a S.S. a un dos dous proxenitores/ as.

A concreción de como gozar este permiso corresponde á traballadora ou ao traballador.

ADAPTACIÓN DE XORNADA

(por Conciliación en coidado de menores ata 12 anos)



Negociarase de forma colectiva, para pactar os seus termos. En ausencia do devandito pacto e perante a solicitude de adaptación de xornada de forma individual, a empresa abrirá un proceso de negociación, de máximo 30 días, coa traballadora ou traballador.

Tras esta negociación, a empresa deberá comunicar por escrito esta aceptación ou expor unha proposta alternativa que posibilite as necesidades de conciliación, ou manifestará a súa negativa, debendo indicar as razóns obxectivas desta decisión. En caso de discrepancia, pódese trasladar á xurisdición social.